





Foto: Belén Vaz Araújo

DECEMBRO 2024

RESUMO MENSUAL DE ACTIVIDADES



A fotografía de decembro no calendario do #teamCINBIO está realizada por Belén Vaz Araújo, do grupo ORCHID.

Nela podemos observar placas cromatográficas de sílice, utilizadas como ferramenta de análise para avaliar de forma sinxela a eficacia na separación de distintos compostos orgánicos dunha mestura. A visualización dos compostos separados conséguese mediante a coloración cun revelador, neste caso, o ácido fosfomolibdico.



Tese Milena Álvarez

Milena Álvarez Viñas, do grupo de Biomasa e Desenvolvemento Sostible (EQ-2) do CINBIO, defendeu a súa tese de doutoramento baixo o título: "Red algae biorefinery employing innovative technologies for the extraction of biomolecules for food, cosmetic and therapeutic uses".



Seminario Marta Varela

O xoves 5 de decembro a Dra. Marta Varela Rey, (*Gene Regulatory Control in Liver Disease Laboratory, CiMUS*), ofreceu o seminario "Hepatic levels of S-adenosylmethionine regulate the adaptive response to fasting" dentro do ciclo "CINBIO Seminar Programme". [Máis info.](#)



Paula Rivas en ConCienciaA3N

A investigadora do grupo Neurocircuits do CINBIO, Paula Rivas Ramírez, participou nunha nova píldora divulgativa de Antena 3 Noticias respondendo á pregunta: *Ler con pouca luz afecta á nosa saúde ocular?* [Máis información.](#)



Seminario Mónica Martínez

O xoves 12 de decembro, a Dra. Mónica Martínez - Fernández (*Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur*), ofreceu o seminario "Analizando el perfil molecular de la respuesta a inmunoterapia en cáncer", dentro do ciclo "CINBIO Seminar Programme".

[Máis información.](#)



O grupo CME en GCiencia

O medio dixital especializado en contidos científicos, GCiencia, fíxose eco do traballo desenvolvido polo grupo CME do CINBIO. A reportaxe céntrase nos modelos de substitución de evolución molecular para predicir posibles mutacións nas proteínas dos virus antes de que se produzan.

[Máis información.](#)



Plan Nacional 2023

O persoal investigador do CINBIO conseguiu acadar 844.000 euros de financiamento para cinco proxectos de investigación da convocatoria 2023 do Plan Nacional, concedidos polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

[Máis información.](#)



DECEMBRO 2024

#TEAMCINBIO GATHERING

O 19 de decembro celebramos unha xuntanza do #teamCINBIO centrada nos resultados obtidos no presente ano e as liñas estratéxicas que marcarán o rumbo do CINBIO para o vindeiro 2025.

Durante o acto tamén tivo lugar unha homenaxe ás once investigadoras e investigadores que defenderon a súa tese de doutoramento ao longo deste 2024.

Un sorteo final entre as doce fotografías finalistas da IV edición do concurso de foto do CINBIO puxo o broche final ao acto, xunto coa entrega de premios ás dúas fotografías gañadoras. Nesta ocasión os afortunados foron Carlos López Solarat, do Laboratorio de Enfermidades Raras, e Carla Estévez, do grupo FunNanoBio.

A xuntanza rematou cun pequeno ágape no que o persoal do centro puido compartir as súas impresións e finalizar a xornada pasando un bo rato antes das festas. [Máis información.](#)



África González en ConCienciaA3N

A líder do grupo de Inmunoloxía do CINBIO, África González, participou nunha nova píldora divulgativa de Antena 3 Noticias respondendo á seguinte pregunta: *Podería a próxima pandemia mundial ser causada por hongos?* [Máis información.](#)



Seminario Claudia Pigliacelli

O mércores 18 a Dr. Claudia Pigliacelli (Department of Chemistry, Materials and Chemical Engineering "Giulio Natta" of Politecnico di Milano), ofreceu o seminario "Engineering gold nanomaterials: from nanoclusters to supraparticles" dentro do ciclo "CINBIO Seminar Programme". [Máis info.](#)



Charla TEDxTui

África González, participou na primeira edición do evento TEDxTui, englobado nas famosas TEDx Talks. Na súa charla incidiu na importancia da ciencia e a investigación no desenvolvemento humano e social, ademais achegou o mundo da inmunoloxía ao público asistente. [Video completo.](#)

XANEIRO 2025

PRÓXIMOS EVENTOS



Teses #teamCINBIO

Venres 10 de xaneiro: TESE LAURA TOMÁS

O venres 10 de xaneiro ás 11:00 horas, Laura Tomás, do grupo de Filoxenómica do CINBIO, presentará a súa tese de doutoramento baixo o título “Evolution and Genomic Heterogeneity in Solid Tumors”.

Será na Sala de Seminarios de Torre CACTI, no campus de Vigo.



TESE CARLOS LÓPEZ SOLARAT

Carlos López Solarat, do Laboratorio de Enfermidades Raras do CINBIO, defenderá a súa tese de doutoramento baixo o título “Molecular mechanisms and phenotypic diversity in Bardet-Biedl syndrome”.

Data exacta pendente de confirmación.



#teamCINBIO

Son benvidas todo tipo de suxestións e ideas sobre as áreas temáticas das actividades formativas así como propostas de seminarios e clases maxistrais. Igualmente, aquelas persoas que queirades participar presentando a vosa investigación no ciclo “Coñece ao #teamCINBIO”, non dubidedes en facérnolo saber.

Formación

Proximamente máis información:


- Xoves 9 de xaneiro : Seminario de María Pardo co título *Where photonics meets technology*.
- Xoves 16 de xaneiro ás 11h.: Seminario de Guillermo Acuña (Universidad de Fribourg).
- Martes 21 de xaneiro ás 11h: Seminario de Monica Neagu (Bucarest).
- Xoves 23 de xaneiro ás 11h: Seminario de Carmen García Hijano (AECC).



cinbio.es



**FELICES FESTAS
HAPPY HOLIDAYS**



cinbio.es

